



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: [correo@boimorto.es](mailto:correo@boimorto.es)

Web: [www.boimorto.es](http://www.boimorto.es)



**REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO ( A CORUÑA).**

### CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data vinteoito de xuño de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

**Decreto:** 232 / 2016

**Data decreto:** 28/06/2016

**Descrición decreto:** Publicación puntuación, nomeamento persoal laboral temporal condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta e formación bolsa de traballo.

**DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)**

Vista a proposta de nomeamento de condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta como persoal laboral temporal e formación bolsa de emprego, de acordo coas bases da convocatoria do Decreto 179/2016, e segundo consta na acta da Comisión seleccionadora deste persoal laboral temporal de data 23/06/2016.

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Publicar no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición ( proba práctica) de cada un dos candidatos presentados para condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta:

| CONDUTOR TRACTORISTA/ PALISTA |  |
|-------------------------------|--|
| APELIDOS E NOME- DNI          | PUNTUACIÓN                                   |
| NOVO MATO PABLO- 78805132W    | Concurso 3,50 Oposición 7 Total 10,50 puntos |
| SOUTO LÓPEZ VICTOR- 44843042B | Concurso 0 Oposición 5 Total 5 puntos        |

**SEGUNDO.-** Nomear como condutor tractorista/ palista de pala retroexcavadora ou mixta a Pablo Novo Mato con DNI 78805132W.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base quinta á presentación polos interesados da seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer a función propia a desenvolver.

- Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

- Declaración de non estar incurso en causa de incompatibilidade segundo o disposto na Lei 53/1984 de 26 de decembro.

**TERCEIRO.-** Formar a bolsa de traballo cos candidatos que obtiveron alomenos 5 puntos segundo o sinalado no punto cuarto das bases de selección:

1.- Víctor Souto López con DNI 44843042B ( 5 puntos)

**CUARTO.-** Notificar persoalmente o presente decreto ao seleccionado indicado no apartado segundo así como publicar no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web este decreto aos efectos oportunos, e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite, presentada a documentación requerida, a alta do traballador na seguridade social e se asine e rexistre o contrato con efectos de alta o 01 /07/2016.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Jesús Novo Gómez en Boimorto vinteito de xuño de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novo Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 28 de xuño de 2016

V<sup>o</sup> Pr.  
A Alcaldesa



Asdo.- María Jesús Novo Gómez

